

**PRESENTACIÓN MATERIA**

MATERIA	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	CURSO	2º BACHARELATO
CURSO ACADÉMICO	2022/2023	PROFESOR	Brais Domínguez Álvarez

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>B1 Programación</p> <p>B1.1 Estructuras de almacenamento de datos. Tipos de datos. Variables, vectores e matrices. Listas, pilas e colas. Estructuras.</p> <p>B1.2 Diagramas de fluxo: elementos e símbolos, e o seu significado.</p> <p>B1.3 Deseño de algoritmos con diagramas de fluxo utilizando ferramentas informáticas.</p> <p>B3.2 Uso básico dun contorno de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables</p> <p>B1.4 Transformación de diagramas de fluxo en pseudocódigo ou en código fonte.</p> <p>B1.5 Programación modular: módulos, procedementos e funcións.</p> <p>B1.6 Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. Depuración.</p> <p>B1.7 Optimización e documentación. Análise de código e refactorización. Repositorios de código e control de versións.</p>	<p>TIC2B1.1.1 Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.</p> <p>TIC2B1.2.1 Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.</p> <p>TIC2B1.2.1 Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.</p> <p>TIC2B1.3.1 Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.</p> <p>TIC2B1.3.2 Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas</p> <p>TIC2B1.4.1 Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.</p> <p>TIC2B1.4.2 Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración</p> <p>TIC2B3.2.1 Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación</p>

CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>B2 Publicación e difusión de contidos</p> <p>B2.1 Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web.</p> <p>B2.2 Accesibilidade e usabilidade en internet.</p> <p>B2.3 Ferramentas de xestión de contidos da web 2.0.</p> <p>B2.4 Características da web 2.0.</p>	<p>TIC2B2.1.1 Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.</p> <p>TIC2B2.1.1 Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.</p> <p>TIC2B2.2.1 Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.</p> <p>TIC2B2.3.1 Explica as características relevantes da web2.0 e os principios en que esta se basea</p>



CONTIDOS ACTUAIS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>B3 Seguridade</p> <p>B1.8 Seguridade lóxica. Tipos de ameaza e técnicas de vixilancia dos sistemas: protección contra virus e respaldo de información.</p> <p>B1.9 Seguridade física: protección física das redes</p> <p>B1.10 Tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario</p> <p>B3.1 Medidas físicas e lóxicas de seguridade en redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorización de sistemas e análise de logs.</p>	<p>TIC2B1.5.1 Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.</p> <p>TIC2B1.5.2 Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección</p> <p>TIC2B1.5.3 Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan</p> <p>TIC2B3.1.1 Explica as características relevantes da web2.0 e os principios en que esta se basea</p>

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O curso está dividido en 3 unidades didácticas.

Realizaremos unha proba teórico/práctica por cada unidade didáctica ou grupo de unidades, así como unha serie de exercicios e traballos.

No caso de agrupar unidades, o peso desa parte na nota final corresponderase coa suma dos pesos das unidades que a engloban. Os pesos de cada unidade para a nota final son:

UNIDADE	PESO
1. Programación	43%
2. Publicación e difusión de contidos	28%
3. Seguridade	28%

NOTA UNIDADE = Proba teórico/práctica * 0,4 + exercicios/traballos * 0,6

Deberá de obtense como mínimo un 3 en cada proba para poder realizar a media ponderada da unidade. Se a proba non iguala ou supera o 3, esa será a nota final da unidade.

Se nalguna unidade non se realiza ningún tipo de exercicios/traballos, a nota da unidade corresponderíase coa nota da proba teórico/práctica realizada.

A realización de exercicios e traballos é obrigatoria. Algúns destes traballos e exercicios teranse que entregar nas condicións e prazos fixados. No caso de non entregar algún traballo en condicións e prazos fixados, a nota será un 0.

Os traballos serán valorados tendo en conta: o contido, a presentación, a comprensión e a exposición oral dos mesmos na clase.

Serán valorados con un 0 os traballos e exercicios nos que se aprecie a técnica de copiar e pegar ou os que durante a súa realización se dean as seguintes circunstancias: Comportamentos en clase tales como ralentización das clases, faltas de respecto cós compañeiros/as ou profesor/a, desorden na clase ou alteración do normal funcionamento da mesma, calquera tipo de agresión verbal, física ou comentarios sexistas ou actitudes que non se consideren normais durante unha clase.

Aínda que se establezan grupos de traballo, só serán valorados os alumnos que realmente fixeran o traballo

NOTA DA AVALIACIÓN

Deberá de obtense como mínimo un 3 en cada unidade (ou conxunto de unidades) para poder realizar a media ponderada en cada avaliación. Se algunha parte non iguala ou supera o 4, a nota final será a media ponderada das partes, establecendo como nota un 4 no caso de que a media sexa superior.

A nota final de cada avaliación obtense como a media ponderada das partes realizadas ata ese momento dende inicio do curso.



O redondeo da nota realizarase cara arriba cando a parte decimal sexa igual ou superior a 0,5.
En caso contrario, o redondeo realizarase cara abaixo.

A final de curso recuperaranse as partes suspensas.

PROMOCIÓN

Superarán a materia aqueles alumnos e alumnas que teñan unha nota superior ou igual a 5, tras calcular a nota media ponderada de todas as unidades a final de curso.

METODOLOXÍA

- **Presencial**

No caso de realizar clases presenciais, alternaranse as explicacións por parte do profesorado, coa realización de actividades prácticas por parte do alumnado, para que este poida poñer en práctica aquilo que aprendeu.

Trátase por tanto dunha metodoloxía activa, onde o alumnado é o principal protagonista do seu aprendizaxe, actuando o profesorado como guía e axuda durante este proceso.

- **Semipresencial**

No caso de realizar clases semipresenciais, poderían darse dúas situacións:

- a) Que todo o alumnado se atope fóra da escola ao mesmo tempo
- b) Que soamente algún alumno ou alumna se atopen fóra da aula, mentres o resto ten clase presencial

Ante calquera destas dúas situacións, a metodoloxía de traballo será similar ao escenario presencial, pero empregando ferramentas de videoconferencia para a realización das explicacións por parte do profesorado. Desta forma, no caso de que todo o alumnado estea fora da aula, todos seguirán as explicacións telematicamente. No caso de que soamente certo alumnado estea fora da aula, o resto do alumnado estará na clase e seguirá as explicacións do profesorado en directo, a través do videoproxector da aula.

En canto á realización de tarefas prácticas por parte do alumnado, empregarase a mensaxería interna da aula virtual, o correo electrónico e as ferramentas de videoconferencia para que aquel alumnado que se atope fora da aula se poida poñer en contacto co profesorado para poder aclarar dúbidas e solucionar problemas.

- **Non presencial**

No caso de realizar clases non presenciais, a metodoloxía de traballo será similar ao escenario semipresencial, empregando exclusivamente ferramentas de videoconferencia para a realización das explicacións por parte do profesorado.

En canto á realización de tarefas prácticas por parte do alumnado, empregarase a mensaxería interna da aula virtual, o correo electrónico e as ferramentas de videoconferencia para que se poidan poñer en contacto co profesorado para poder aclarar dúbidas e solucionar problemas.